


O sistema urbano en España



Nos últimos cincuenta anos, a evolución do sistema urbano español foi dobre: dunha banda as actividades económicas e a poboación tenderon a se agrupar sobre uns eixes territoriais relativamente ben definidos; doutra banda, as principais áreas metropolitanas asentaron a súa primacía sobre o conxunto do sistema urbano español.

As cidades do **sistema urbano** español constitúen unha **rede urbana** xerarquizada propia dun país industrializado. Estas exercen certa influencia cara á súa área circundante a partir das funcións e servizos que ofrecen.

As cidades conforman unha rede de relacións e de influencias na súa área circundante porque son nós de comunicacións, centros de produción e distribución de bens e provedores de servizos. O territorio vinculado a unha cidade debido á atracción que esta exerce é o **hinterland** ou área de influencia, mentres que os núcleos que realizan esta atracción son os **lugares centrais**. Determinar o alcance da área de influencia require unha laboriosa investigación.

Polo xeral, canto maior é a cidade, máis ampla é a gama de servizos e funcións que ofrece de xeito que, polo menos potencialmente, a súa área de influencia tamén é maior. Nun mundo globalizado, as áreas de influencia de cada cidade transformáronse, xa que os medios de transporte e comunicación poden facer que esta área se estenda cada vez máis lonxe e de xeito máis intenso.

O modelo da xerarquía urbana en España

Ademais de ter en conta o número de habitantes, as cidades españolas pódense clasificar segundo os diversos roles que os niveis funcionais da globalización lles van adxudicando:

- **Metrópolis globais nacionais.** Madrid e Barcelona exercen este papel non só por concentraren millóns de habitantes e estableceren a súa centralidade nunha rexión metropolitana, senón porque a súa influencia acada o conxunto do país e, tamén, internacionalmente. Contan coas sedes das empresas máis destacadas e das principais institucións públicas, así como tamén dunha densa rede de comunicacións e unha grande actividade cultural e política. No entanto, sufren moitos problemas derivados do seu tamaño e da súa condición.

- **Metrópolis rexionais.** Valencia, Sevilla, Zaragoza, Bilbao e Málaga constitúen estensas rexións onde viven entre 500.000 e 1.500.000 habitantes, cunhas boas comunicacións e un notable dinamismo.
- **Metrópolis subrexionais ou de segunda orde.** Son áreas metropolitanas pequenas como Murcia, Valladolid ou Vigo que dispoñen de servizos especializados como universidades ou grandes hospitais, mais a súa poboación non aca-da os 500.000 habitantes e a súa área de influencia é relativamente reducida.
- **Cidades medianas.** O papel administrativo de moitas capitais provinciais exerce como factor de atracción de poboación e de servizos. Santander, Segovia, Logroño ou Cidade Real son bos exemplos, pseudo aglomeracións de entre 50.000 e 200.000 habitantes.
- **Cidades pequenas.** Nesta categoría os núcleos de poboación son de entre 10.000 e 50.000 habitantes e posúen equipamentos e infraestruturas básicas que lles permiten influir nas localidades da súa redonda comarcal.

Na actualidade, todo o continente europeo é ou hen un espazo urbano ou ben un territorio organizado polas cidades. Isto é así porque máis dun 50% da poboación europea vive en áreas metropolitanas e grandes urbes, mais tamén porque é nas grandes cidades desde onde se dirixe e dinamiza toda a actividade política, económica, social e cultural.

Eixes do sistema urbano español

O sistema urbano español baséase nun núcleo central e diversos eixes periféricos xa que o crecemento e a evolución urbanos foron trazando estes eixes de desenvolvemento que, a grandes trazos, coinciden coa localización das principais actividades económicas e coas redes de transportes.

- **A área de Madrid.** Aparece como a maior aglomeración urbana do país situada no centro da Meseta, cara a onde exerce unha forte influencia. Madrid conéctase e mantén unhas intensas e estreitas relacións con outras cidades importantes do resto de España.
- **Eixe mediterráneo.** Estendese dende a fronteira francesa ata Cartaxena e inclúe grandes metrópoles como Barcelona e Valencia. É atravesado por autoestradas e liñas de ferrocarril que facilitaron o seu desenvolvemento. Ante o empuxe do turismo, a edificación apréciase ao longo de, practicamente, toda a franxa litoral.
- **Eixe cantábrico.** Prolóngase dende a fronteira francesa ata a aglomeración Oviedo-Xixón. Este discontinuo eixe inclúe zonas altamente urbanizadas e antes moi industrializadas. Salientan tamén, cidades como Bilbao ou Vitoria.
- **Eixe do val do Ebro.** Une os dous eixes antes citados a través de Logroño e Zaragoza e don longo corredor natural que supón o val do río Ebro.
- **Eixe atlántico galego.** Entre Ferrol e Vigo pasando pola Coruña, Santiago e Pontevedra existe un continuo urbano importante.
- **Eixe andaluz.** Divídese en dous: un prosegue polo val do Guadalquivir cara a Sevilla e Córdoba e o outro, polo litoral, diríxese cara a Málaga e Granada, baseado no desenvolvemento turístico.
- **Os arquipiélagos balear e canario.** Integrados pola súa funcionalidade turística.